



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

De conformidade coas atribucións que me confire o artigo 21 da vixente Lei de Bases do Réxime Local 7/1985, do 2 de abril,

RESOLVO:

Convocar sesión ordinaria da Corporación Municipal, para o **día 20 de outubro de 2015, ás 20,00 horas, na Casa do Concello**, para tratar o seguinte Orde do Día

ORDE DO DÍA

1º) Aprobación, se proceda da acta correspondente á sesión ordinaria do 15 de setembro de 2015..

2º) Dar conta das Resolucións ou Decretos ditados polo Alcalde ou concelleiros delegados, durante o período comprendido entre o 7 de setembro ó 2 de outubro de 2015.

3º) Dar conta da execución do estado de gastos e ingresos do presuposto correspondente ó 2º trimestre do 2015, así como do movemento de Tesourería por operacións presupostarias e non presupostarias.

4º) Proposta do Goberno Municipal do 14 de outubro de 2015, para a modificación das seguintes ordenanzas fiscais:

a) Modificación do anexo da Ordenanza reguladora da Taxa polo Servizo de distribución de Auga, Gas, Electricidade e outros abastecementos públicos, incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análoga, cando ditos servizos ou subministros sexan prestados por entidades locais.

b) Modificación do Anexo apartado b) da Ordenanza reguladora da Taxa polo Servizo de Alcantarillado e Depuración de Augas Residuais.

5º) Proposta do Alcalde en nome e representación do Goberno Municipal, de data 9 de outubro de 2015, para a aprobación provisional da modificación da ordenanza municipal reguladora do Servizo de Axuda no Fogar.

6º) Proposta da Alcaldía de data 9 de outubro de 2015, respecto das alegacións formuladas á aprobación inicial do Regulamento do Consello Sectorial Social do Concello de Ponteareas.

7º) Proposta do Alcalde, en nome do Goberno Municipal, de data 5 de outubro de 2015, respecto da transferencia à Xunta de Galicia do Servizo da Estación de Autobuses.

8º) Proposta do Goberno Municipal, de data 5 de outubro de 2015, para dirixirse á Xunta de Galicia co obxecto de contemplar distintas actuacións para Ponteareas nos orzamentos da Xunta correspondentes ó 2016.

9º) MOCIÓNS

9.a) Moción presentada por ACIP o 4 de setembro de 2015 (registro nº 7222), respecto das obras levadas a cabo no Regato da Venda.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

9.b) Moción presentada polo BNG o 5 de outubro de 2015 (registro nº 8151), para reprobar ós concelleiros do P. Popular, dona M^a Belén Villar González e don Salvador González Solla, pola súa implicación na “operación Patos” e instar a presentar a súa dimisión.

9.c) Moción presentada por EU-Son o 5 de outubro de 2015 (registro nº 8152), de apoio ás marchas da dignidade.

9.d) Moción presentada por A Riada do Tea o 8 de outubro de 2015 (registro nº 8256), para declarar Ponteareas como “Vila Antitaurina”

9.e) Moción presentada por A Riada do Tea o 8 de outubro de 2015 (registro nº 8257), para prohibir a instalación de circos de animais en parcelas municipais.

9.f) Moción presentada por ACIP o 9 de outubro de 2015 (registro nº 8287), para a creación do Inventario do Concello.

9.g) Moción presentada por ACIP o 9 de outubro de 2015 (registro nº 8288), para a creación dun Regulamento de funcionamento do Servizo contra Incendios do Concello de Ponteareas.

10º) MOCIÓN DE URXENCIA

Moción presentada por GMS o 13 de outubro de 2015 (registro nº 8334) sobre a marcha estatal contra as violencias machistas.

11º) COMPARECENCIAS

11.a) Proposta da Concelleira delegada de Tráfico e Seguridade cidadá, para dar conta de todo o relativo ó servizo de grúa (guindastre) municipal.

11.b) Solicitude presentada polo PP o 1 de outubro de 2015 (registro nº 8058), para acordar a comparecencia do Alcalde ou do Concelleiro de Persoal, respecto da compatibilidade do persoal ó servizo das Administracións Públicas.

11.c) Solicitude presentada polo PP o 2 de outubro de 2015 (registro nº 8068), para acordar a comparecencia do Alcalde para que explique a xestión do goberno nos 100 primeiros días.

11.d) Solicitude presentada por EU-Son o 9 de outubro de 2015 (registro n1 8318), para acordar a comparecencia do Concelleiro responsable de persoal, don Francisco Floreal para que de conta de diferentes cuestións relativas ó convenio colectivo.

Mandao e asinao o Sr. Alcalde, don Xosé Represas Giráldez, en Ponteareas 16 de outubro de dous mil quince.

Ante min
Secretaria accidental